



En tu declaración de la renta marca **Fines Sociales**
Así podemos hacer más

COMEZO DA CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE DÍA E OCUPACIONAL DE SARELA



As obras do novo centro de día e ocupacional por fin deron comezo.

Estamos coa primeira das tres fases que compoñen a execución do proxecto. Nesta fase realizarase a excavación e a cimentación. Está previsto que o proxecto finalice no 2012.

No centro de día dispoñemos de 35 prazas e de 20 prazas no Centro Ocupacional.

As persoas interesadas en ocupar unha praza no novo centro poden contactar coa asociación, xa que trala valoración do equipo técnico, serán anotados na lista de espera.

Unha vez que o novo centro comece a funcionar, chamarase por riguroso orde as persoas anotadas na lista de espera.



ACTIVIDADE OCUPACIONAL: APOIO EMPRESA DE LARPEIRADAS ALDAMI

Dende setembro do 2010, Sarela comezou a colaborar coa empresa distribuidora de frutos secos ALDAMI, sita no barrio das Cancelas, na rúa das Cancelas nº 71 baixo.

Esta empresa adícase ao reparto e distribución de frutos secos e larpeiradas, así como a elaboración de bolsas de larpeiradas para bautizos, bodas, comunións e cumpreanos.

A dita actividade acuden dous grupos de usuarios, dúas veces á semana, pois é unha actividade moi enriquecedora que permite traballar multitude de obxectivos de cara a acadar o nivel máximo de autonomía das persoas atendidas.

Sarela con esta actividade pretende por un lado traballar aspectos que teñen que ver ca área ocupacional, como a asunción de responsabilidades, a instauración de hábitos de traballo, a creación e establecemento de rutinas, o traballo en equipo, ...; e por outro lado aspectos máis relacionados co aspecto emocional, como a mellora da autoestima, a satisfacción polo traballo ben feito, o sentimento de utilidade, a participación na comunidade de xeito normalizado, entre outros.



Para iso, e dacordo con Lucía, a persoa de referencia de Aldami, establecéronse as seguintes tarefas:

- Acondicionamento e limpeza do local
- Recollida de cartóns e lixo
- Colocación e clasificación da mercancía
- Elaboración de bolsas de cumpreanos.

A experiencia está sendo moi positiva e agradecemos enormemente a posibilidade que ALDAMI dá as persoas con dano cerebral adquirido de integrarse activamente na sociedade, esperando que esta colaboración continúe por moito tempo.



ACTIVIDADE DE VIVEIRO



O comezo desta actividade foi en xaneiro do 2010. Para levala a cabo acude un grupo de sete usuarios ás instalacións da Comunidade Terapéutica de Proxecto Home, sita en Cernadas.

Nela atópanse seis invernadoiros ademais dunha pequena plantación exterior.

Xunto con isto teñen unha zona onde fan os primeiros traballos de prantación.

Todo a produción recollida emprégase para consumo propio do centro e para enviar aos distintos centros cos que conta esta entidade.

Desta maneira os usuarios que acuden a esta actividade encárganse de tarefas como prantar sementes, trasplantar, podar e observar as diferentes fases do crecemento das prantas, e ao final da recollida de froitas e verduras.

Con esta labor foméntase o traballo en equipo, a planificación e organización de diferentes tarefas, ademais de facer actividade física continuada.



NOVAS DE INTERESE

SARELA CREA UN PERFIL EN FACEBOOK

Para acceder podeades facelo a través da vosa páxina de facebook , buscando Sarela, no apartado de grupos. Senón a través da páxina www.facebook.com, buscade Sarela.

Aquí poderedes atopar videos e fotos sobre as actividades que facemos: no centro de día, en celebracións, etc

Podeades dar a vosa opinión e escribir comentarios sobre o tema.

PARTICIPACIÓN

Sarela garda un espazo para todas aquelas persoas que queiran participar na elaboración do noso boletín. Refleccións, cartas, contos, novidades, etc, estades todos combidados, as vosas publicacións sairán no boletín cuatrimestral de Sarela.

OS NOSOS COLABORADORES



Agradecemosles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.